



## Negociación dos borradores dos seguintes currículos:


- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio de **Procesamento e Transformación da Madeira**.
- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio de **Calzado e Complementos de Moda**.
- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de **Química e Saúde Ambiental**.
- Proxecto do Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior de **Termalismo e Benestar**.

### Achegas xerais aos 4 currículos de ciclos formativos:


 Os **novos ciclos** que se implanten se fagan de forma preferente en **réxime ordinario e/ou modular**, de acordo coa petición dos centros e co ámbito produtivo da zona, e non na modalidade Dual, como acontece co de **Calzado** e co de **Termalismo**, que **só se implantaron en Dual**. Neste último caso precísase dunha piscina e instalacións termais concretas pero pódese chegar a algún acordo de cesión destes espazos, a ser preferíbel públicos, sen necesidade de que o Ciclo teña que ser Dual. Débese informar en que centros se van implantar con antelación suficiente e que se forme o profesorado.


 Demandamos que se inclúa en cada título que **módulos** deben ser de obrigada **impartición en lingua galega** para que


se cumpra a lexislación vixente. Débese garantir un **mínimo do 50% en galego** e isto non se está a cumprir a día de hoxe. Por tanto, deben figurar os mínimos en función da carga horaria dos módulos.


 Tamén debe figurar expresamente que, dentro das medidas necesarias e das instrucións precisas que a Consellaría de Educación adopte para a **impartición de módulos a distancia**, estará a garantía de que os materiais estean **en lingua galega**, algo que a día de hoxe non se cumpre na maioría dos contidos de módulos a distancia. A día de hoxe a ausencia do noso idioma en moitos módulos de FP, tanto presencial como a distancia, é clamorosa e esta Consellaría segue a mirar cara outro lado. A Xunta non pode botarlle a culpa a que o


Ministerio non traduza as súas publicacións: debe **facen un esforzo para ter publicacións propias**. Para este fin ben poden servir a creación de grupos de traballo e a concesión de licenzas de formación.

 Propomos incluír outro **obxectivo xeral** relacionado coa **valoración da lingua e cultura propias** para facer efectivo o dereito de todas as persoas a establecer relacións comerciais, culturais, sociais, etc.. na nosa lingua. É un elemento que entendemos debe ser común a todas as titulacións.

 Isto debe establecerse de xeito inmediato, xa que a Xunta non ten reparo, nin pon impedimento, á hora de aceptar a inclusión da lingua estranxeira na modificación dos currículos, a excepción de termalismo que xa contaba con este módulo. Nos tres currículos vén incluído o módulo de lingua estranxeira I e II; e de ser así, debera dar a opción de incluír o **portugués como lingua estranxeira**, dado que existen lazos comerciais con Portugal, e que é o país que máis preto temos para realizar estes intercambios económicos.

 Ratios: a relación profesorado-alumnado non debe superar o **1/20 nos módulos teóricos e o 1/10 nos módulos de carácter experimental**.

 A redacción dos obxectivos xerais inclúe nos currículos un relacionado coa igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres (incluíndo a prevención da violencia de xénero e a realidade homo, trans e intersexual). Xa apuntamos en decretos anteriores a posibilidade de trasladar este obxectivo xeral a apartados concretos do currículo.

 Igualmente solicitamos que se inclúa nos resultados de aprendizaxe e nos criterios de avaliación a valoración da importancia da prevención dos riscos laborais desde unha perspectiva de xénero, no tocante a riscos laborais no embarazo e a lactación ou os riscos psicosociais e por acoso. Non se pode descansar indicando que é “un tema transversal”.

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal